

MESA SECTORIAL 21/10/2025 CXT, CONCURSO ORIENTACIÓN

UGT Informa da Mesa Sectorial do 21 de outubro de 2025, na que se tratan os seguintes puntos:

- 1.- Borrador da Orde que regula o CXT.
- 2.- Borrador da Orde pola que se convoca concurso de traslados de orientación.
- 3.- Rolda de intervencións.

1.- Borrador da Orde que regula o CXT.

Actualización de datos.

- Solicitamos permitir a actualización continua de datos persoais, méritos e das competencias dixitais docentes en calquera momento do ano, non só na apertura do concurso, e que a acreditación das competencias dixitais poida actualizarse de forma continua en vez de limitarse a dúas veces por curso.

Organización dos centros e negociación de prazas

- Acometer unha negociación centralizada de vacantes con criterios obxectivos e recoñecer a estruturalidade de determinadas prazas para que se provisionen nos concursos de traslados seguintes.
- Permitir que o profesorado ao que se lle adxudicou praza de oficio no CXT poida concursar anualmente.
- Denunciamos o incumprimento dos catálogos por parte das inspeccións cando se nega a dotación de prazas de EP en presenza de especialistas con horarios reducidos

Baremo: recoñecementos e puntuacións

- Substitucións en equipo directivo: puntuar o tempo traballado polos substitutos e substitutas do equipo directivo que exerceron esas funcións.(Pto.4)
- Postos de especial dificultade: que a puntuación se faga de oficio e que computen os anos traballados nese tipo de postos aínda que actualmente non se ocupen.(Pto 1.1.3)
- Responsabilidade por tres unidades: recoñecer a responsabilidade dos centros de tres unidades, polo menos no mesmo nivel que cargos como secretario ou xefe de estudos.(Pto 4)



- Límite de puntos en outras funcións docentes: suprimir o tope de 10 puntos para funcións docentes distintas da dirección, xa que resulta desproporcionado fronte aos 30 puntos da dirección. (4.3. Cargos de coordinación docente, función tutorial e figuras Análogas)
- Equiparación Deportistas de Alto Nivel Galego (DGAN) a Deportistas de Alto Nivel (DAN), como no concurso estatal, no CXT autonómico. (Pto 6.3)

Respostas e información da Administración:

- Data publicación DOG: 4 Novembro
- Non poden dar aínda datos de datas das resolucións.
- Pasaran lista de prazas estruturais.
- Valorarán incorporar algunhas coordinacions non incorporadas no punto 4: edixgal, polos creativos...

2.- Borrador da Orde pola que se convoca concurso de traslados de orientación.

UGT solicita cambios no baremo e nos criterios de uso das prazas para garantir atención á diversidade, profesionalización do persoal de orientación e transparencia na valoración das funcións e méritos.

Rede e organización da orientación

- Reclámamos a eliminación de prazas compartidas que dificultan a atención á diversidade e aumentando a dotación de orientadores en centros con máis de dúas liña ou mais de 250 alumnos/as
- Pedimos que os centros adscritos se coñezan con antelación e que, se se modifican adscricións, o docente poida optar por ser suprimido da praza por modificación substancial das condicións.

Dotación de postos e especialización por tipos de centro

- Solicítamos en CPIs unha estrutura con dous especialistas: un para infantil/primaria e outro para a ESO, para evitar perdas de talento e abandono.

Requisitos de titulación e adxudicación de xefaturas

- Esiximos que as vacantes de xefatura de departamento de orientación exíxan como requisito as titulacións do artigo 4 do Decreto 120/1998 [doutoramento ou licenciatura en psicopedagogía; doutoramento, ou grao en pedagogía ou en psicoloxía; doutoramento ou licenciatura en filosofía e ciencias da educación (especialidade de psicoloxía ou ciencias da educación) ou en filosofía e letras (especialidade de pedagogía ou psicoloxía), actualizando dita listaxe (p.ex., incluíndo Mestrado en Psicopedagogía)]e, se fose necesario, reformando o decreto para facelo obrigatorio.
- Reclámase que os postos de xefatura non se adxudiquen a persoal sen titulación axeitada e que os criterios de xefatura se revisen porque son inviables para docentes itinerantes.



Baremo: valoración de funcións, atención á diversidade e transparencia

- Eliminar o límite de 10 puntos en outras funcións docentes (4.3).
- Reclámase puntuar de oficio e non perder a puntuación por postos de especial dificultade ao cambiar de destino, así como recoñecer de oficio servizos en destinos provisionais ou definitivos en centros de especial dificultade.

Impacto da convocatoria e atención á diversidade

- Denúnciase que a convocatoria inclúe moitas prazas compartidas e que isto, xunto coa temporalidade de especialistas (PT/AL), evidencia falta de aposta pola inclusión; detectáronse vacantes de xefatura de orientación adxudicadas a profesorado sen titulación adecuada.

Respostas e información da Administración:

- Abrirase a participación do Concurso de Orientación finalizado o prazo de participación no CXT (Aprox. 26/11/2025).
- Como no baremo de CXT valorarán incorporar algunhas coordinacions non incorporadas no punto 4: Edixgal, polos creativos...

En último lugar resaltar que se introduce a seguinte modificación respecto a anteriores convocatorias común aos dous borradores:

- Base Décimo cuarta. Modalidade de participación forzosa. Punto 2

“Non obstante, o persoal funcionario en prácticas, que participe nos concursos de traslados que se convoquen durante o segundo ano no que sexan nomeados como persoal funcionario en prácticas, cando única e exclusivamente o primeiro ano en prácticas gozasen de permiso por nacemento para a nai biolóxica ou de permiso por adopción, por garda con fins de adopción ou acollemento, tanto temporal como permanente, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción por un fillo ou filla, que os impedisese superar a fase de prácticas, a adxudicación dos destinos farase atendendo aos baremos de méritos que se establecen nos Anexos á presente Orde.”



3.- Rolda de intervencións.

- Solicitamos que a Administración aclare se se convocarán este ano o concurso específico de Adultos.
- Solicitamos pago dos meses de verán para interinos substitutos que traballen mais de 5 meses e medio, como recolle o Acordo de interinos.
- Solicitamos a actualización da Orde de Licencias e Permisos.
- Solicitamos a actualización dos ROCs.

Respostas e información da Administración:

- Hai poucas plazas de EPAPU: 2 de EP 14 de ESO. Este ano non se convoca concurso, pero si para o curso que ven.

